



# BOP

MÉRCORES, 5 DE MARZO DE 2025

N.º 052

## DEPUTACIÓN DE LUGO

[boletin@deputacionlugo.org](mailto:boletin@deputacionlugo.org)  
[www.deputacionlugo.gal](http://www.deputacionlugo.gal)

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo  
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

### CONCELLOS

#### BARREIROS

##### Anuncio

#### CONVOCATORIA DE APERTURA DA BOLSA DE EMPREGO PARA POSTO DE OFICIAL DO SERVIZO DE AUGAS (FONTANEIRO/A) COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL NO CONCELLO DE BARREIROS

Pola Xunta de Goberno Local do 28 de febreiro de 2025 aprobanse as bases que rexerán a a bolsa de emprego para cubrir posibles prazas para posto de Oficial do servizo de augas (Fontaneiro/a) como persoal laboral temporal do Concello de Barreiros.

Prazo de presentación de instancias: DEZ DÍAS HABLES (non contan sábados, domingos e festivos) a contar dende o seguinte ó da publicación deste anuncio (de 9:30 a 14:30 horas, no Rexistro xeral do concello de Barreiros- Rúa Vila, 63, 27790, San Cosme de Barreiros), tamén poderán presentarse a través da sede electrónica municipal ([barreiros.sedelectronica.es](http://barreiros.sedelectronica.es)) e tamén se poderán remitir na forma determinada no artigo 16.4 da Lei 39/2015 segundo o establecido nas bases.

Bases da bolsa: publicadas na páxina web do concello [www.concellodebarreiros.gal](http://www.concellodebarreiros.gal) e no Taboleiro de anuncios do concello (físico e sede electrónica).

Barreiros, 28 de febreiro de 2025.- A alcaldesa, Ana Belén Ermida Igrexas.

R. 0559

#### BURELA

##### Anuncio

Mediante o presente anuncio faise público o Decreto de Alcaldía núm. 2025/0194, ditado con data 26 de febreiro de 2025, cuxo tenor literal é o seguinte:

“Vista a solicitude presentada pola «Asociación de Empresarios de Hostelería y Turismo de Lugo», con NIF G27021005, o 17 de febreiro de 2025, con rexistro de entrada núm. 2025-E-RC-507, pola que se solicita ampliar os horarios xerais de peche dos establecementos abertos ao público de ocio, hostalería e restauración, asociados a dita entidade, en dúas (2) horas, nos seguintes termos:

*“ENTROIDO: Todas as noites desde a noite do 27 ao 28 de febreiro (xoves de entroido) ata a noite do 4 ao 5 de marzo (incluída).*

*SEMANA SANTA: todas as noites desde a noite do 12 ao 13 de abril ata a noite do 19 ao 20 de abril (incluída).*

*FESTA DO TRABALLO: todas as noites desde a noite do 30 de abril al 1 de maio ata a noite do 3 ao 4 de maio.*

*LETRAS GALEGAS: Todas as noites desde o 16 ao 17 de maio ata a noite do 17 ao 18 de maio.*

*FESTIVIDADE SANTIAGO APÓSTOLO: todas as noites desde a noite do 24 ao 25 de xullo ata a noite do 26 ao 27 de xullo.*

*FESTIVIDADE DA ASUNCIÓN: todas as noites desde a noite do 14 ao 15 de agosto ata a noite do 16 ao 17 de agosto.*

*DÍA DA HISPANIDADE: a noite do 10 ao 11 de outubro e a noite do 11 ao 12 de outubro.*

*TODOS OS SANTOS: Todas as noites desde a noite do 31 de outubro ao 1 de novembro ata a noite do día 1 ao 2 de novembro (incluída).*

*PONTE DA CONSTITUCION: Todas as noites desde a noite do 5 ao 6 de decembro ata a noite do 7 ao 8 de decembro (incluída).*

*FESTAS DE NADAL: todas as noites desde a noite do 22 ao 23 de decembro de 2025 ata a noite do 5 ao 6 de xaneiro de 2026 (incluída)".*

Visto o informe núm. 2025/0001, emitido o 18 de febreiro de 2025, polo técnico de xestión do Servizo de Medio Ambiente do Concello de Burela.

Visto canto antecede, de conformidade co disposto nos artigos 5, letra f), e 17.2 da Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, e 8.2 da Orde do 23 de outubro de 2020, pola que se determina o horario de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas, en relación co establecido nos artigos 21.1, letra s), da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e 61.1, letra s), da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia,

## RESOLVO

**PRIMEIRO.** Establecer, de conformidade co disposto no artigo 9.2 da Orde do 23 de outubro de 2020, o número máximo de días naturais ao ano en que poderán ampliarse os horarios de peche dos establecementos abertos ao público, e finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas, incluídos no catálogo contido no Anexo do Decreto 124/2019, do 5 de setembro, no seguintes termos:

### a) Entroido:

\*A noite que vai do 28 de febreiro ao 1 de marzo de 2025.

\*A noite que vai do 1 de marzo ao 2 de marzo de 2025.

\*A noite que vai do 3 de marzo ao 4 de marzo de 2025.

### b) Semana Santa:

\* A noite que vai do 17 ao 18 de abril de 2025.

\* A noite que vai do 18 ao 19 de abril de 2025.

\* A noite que vai do 19 ao 20 de abril de 2025.

### c) Festas Patroais de Burela:

\* A noite que vai do 24 ao 25 de maio de 2025.

\* A noite que vai do 30 ao 31 de maio de 2025.

\* A noite que vai do 31 de maio ao 1 de xuño de 2025.

\* A noite que vai do 1 ao 2 de xuño de 2025.

\* A noite que vai do 2 ao 3 de xuño de 2025

### d) Festa San Xoán:

\* A noite que vai do 23 ao 24 de xuño de 2025

### e) Nadal.

\* A noite que vai do 24 ao 25 de decembro de 2025.

\* A noite que vai do 25 ao 26 de decembro de 2025.

\* A noite que vai do 26 ao 27 de decembro de 2025.

\* A noite que vai do 27 ao 28 de decembro de 2025.

\* A noite que vai do 31 de decembro de 2025 ao 1 de xaneiro de 2026.

\* A noite que vai do 2 de xaneiro ao 3 de xaneiro de 2026

\* A noite que vai do 3 de xaneiro ao 4 de xaneiro de 2026.

\* A noite que vai do 5 ao 6 de xaneiro de 2026 .

**SEGUNDO.** Autorizar nas datas sinaladas do dispositivo primeiro desta resolución, a ampliación en dúas (2) horas dos horarios xerais de peche dos establecementos abertos ao público, e finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas, incluídos no catálogo contido no Anexo do Decreto 124/2019, do 5 de setembro.

**TERCEIRO.** Informar ás persoas interesadas que esta autorización de ampliación horaria outórgase sen prexuízo do disposto no artigo 7 da Orde do 23 de outubro de 2020, que establece que o horario de peche dos establecementos abertos ao público e de finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas ampliarase con carácter xeral media hora (30 minutos) as noites que van do venres ao sábado, do sábado ao domingo e do domingo ao luns, así como as noites das vésperas dos días festivos e as propias noites dos días festivos.

**CUARTO.** Informar ás persoas interesadas que esta autorización non implica, en ningún caso, a autorización ás persoas titulares dos establecementos sitos no termo municipal do Concello de Burela nos que se desenvolve, ao amparo do preceptivo título habilitante, algunha das actividades recreativas e espectáculos públicos do Catálogo de Espectáculos Públicos e Actividades Recreativas da Comunidade Autónoma de Galicia, aprobado polo Decreto 124/2019, do 5 de setembro, para realizar calquera outra actividade recreativa ou espectáculo público extraordinario, tanto no interior, como no exterior do establecemento, sexa en dominio público ou privado, sen suxeitarse ao disposto na dita norma regulamentaria e na vixente Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, na redacción dada pola Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, e na normativa reguladora do dominio público local.

**QUINTO.** Informar ás persoas interesadas que o outorgamento da presente autorización, non pode dar lugar ao incumprimento dos límites de emisión e inmisión de ruídos establecidos na vixente normativa de protección fronte á contaminación acústica, para as ditas actividades, e que o eventual incumprimento destes podería determinar, no seu caso e sen prexuízo doutras responsabilidades civís ou penais, a incoación dun expediente sancionador como consecuencia da comisión dalgunha das infraccións tipificadas tanto na Lei 37/2003, do 17 de novembro, do Ruído, como na Ordenanza municipal de protección ambiental en materia de ruídos e vibracións.

**SEXTO.** Publicar, de conformidade co disposto no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a presente resolución no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica do Concello de Burela, e no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, e notificala ás persoas interesadas de acordo co establecido nos artigos 40 e seguintes de dita normal legal.

Burela, 27 de febreiro de 2025.- A Alcaldesa, María del Carmen López Moreno.

R. 0553

## CASTRO DE REI

### *Anuncio*

#### **EXPOSICIÓN AO PÚBLICO**

Aprobado por Decreto de Alcaldía de data 25 de febreiro de 2025 o Padrón Tributario das taxas pola prestación dos servizos de Abastecemento de auga, Saneamento e Recollida de lixo e Canon da auga, correspondente ó 1º trimestre de 2024, exponse ó público durante o prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente anuncio no BOP, para o seu exame e posibles reclamacións.

Contra o acordo de aprobación e as liquidacións consignadas no referido Padrón contributivo e notificadas colectivamente perante o presente anuncio, os interesados poderán interpoñer, recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao de finalización do período de exposición pública. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

A repercusión do Canon da auga, poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes desde que se entenda producida a notificación.

#### **ANUNCIO DE COBRANZA**

De conformidade co disposto nos artigos 24 e 68.1 b) do Regulamento Xeral de Recadación, fíxase como prazo de pago en período voluntario, o comprendido entre o 3 de marzo e o 5 de maio de 2025, ambos inclusive.

Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, seranlles cargados nas contas bancarias respectivas. Ó resto seranlles enviados ó domicilio declarado do suxeito pasivo para que efectúen o pago en calquera das sucursais bancarias do Concello de Castro de Rei.

A falta de pagamento no período voluntario suporá a esixencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

Castro de Rei, 25 de febreiro de 2025.- O Alcalde, Francisco Javier Balado Teijeiro.

R. 0554

**MONFORTE DE LEMOS***Anuncio*

Aprobado provisionalmente polo Concello en pleno, en sesión ordinaria do día 24.02.2025, o expediente de aprobación provisional de modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa pola prestación do servizo de xestión de residuos municipais.

De conformidade co que dispón o artigo 17.2 do Real decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, estará exposto ao público durante o prazo de trinta días hábiles, a contar dende o día seguinte da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, aos efectos de que os interesados poidan examinalo e, si cabe, presentar as oportunas reclamacións.

No caso de non presentarse ningunha reclamación, o acordo provisional considerárase elevado a definitivo e procederase á publicación do texto íntegro das modificacións introducidas ao vixente.

Monforte de Lemos, 25 de febreiro de 2025.- O Alcalde, P.D Decreto de data 24.01.2022, a primeira Tenente de Alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 0555

*Anuncio***APROBACIÓN DO LISTADO DE COBRO DA PRESTACIÓN PATRIMONIAL DE CARÁCTER NON TRIBUTARIO POLA REDE DE SUMIDOIROS E DEPURACIÓN E DA PRESTACIÓN PATRIMONIAL DE CARÁCTER NON TRIBUTARIO POLO ABASTECIMENTO DE AUGA E DO PADRÓN DO CANÓN DA AUGA DO 1º BIMESTRE 2025 (XANEIRO-FEBREIRO) E ANUNCIO DE COBRANZA**

Por Xunta de Goberno Local do día 24.02.2025 aprobáronse o listado cobratoiros da prestación patrimonial de carácter non tributario pola rede de sumidoiros e depuración e da prestación patrimonial de carácter non tributario polo abastecemento de auga, así como do Padrón do Canón da auga 1º bimestre 2025 (xaneiro e febreiro).

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Lei xeral tributaria, notifícanse colectivamente os recibos derivados destes padróns.

De conformidade coa Ordenanza xeral de ingresos municipais de dereito público, exporase ao público nun prazo de 20 días, a contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria do listado cobratorio da prestación patrimonial de carácter non tributario pola rede de sumidoiros e depuración e da prestación patrimonial de carácter non tributario polo abastecemento de auga, así como do Padrón do Canón da auga, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas Locais, contra o acordo de aprobación do listado cobratorio da prestación patrimonial de carácter non tributario pola rede de sumidoiros e depuración e da prestación patrimonial de carácter non tributario polo abastecemento de auga, así como do Padrón do Canón da auga, poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública do padrón.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso -administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 29/98 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co artigo 49.7 do Decreto 136/2012 do 31 de maio, polo que se aproba o Regulamento do canon da auga e do coeficiente de vertedura a sistemas públicos de depuración de augas residuais a repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico -administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende se entenda producida a notificación.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei xeral tributaria e o artigo 13 da Ordenanza Xeral de Xestión de Ingresos Municipais de Dereito Público fíxase como prazo de pago en período voluntario, dende o día 03.03.2025 ata o 05.05.2025.

De acordo co artigo 24 do Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación, ponse en coñecemento, que no período de pago en voluntario sinalado no parágrafo anterior, os contribuíntes que non teñan domiciliados os recibos poderán facer o pago dos mesmos mediante :

- 1) Ingreso en efectivo en calquera oficina de A Banca en horario de atención ao público.
- 2) A través de caixeiros automáticos da devandita entidade financeira.

3) A través da páxina web [www.aqualia.es](http://www.aqualia.es).

Transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse os correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan.

A falta de pagamento en período voluntario do canon suporá a esixencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

Monforte de Lemos, 27 de febreiro de 2025.- O Alcalde, P.D Decreto de data 24.01.2022, a primeira Tenente de Alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 0556

## QUIROGA

### Anuncio

#### **CORRECCIÓN DE ERRO DA APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS DE ACREDITACIÓN CATASTRAL**

Con data 28 de febreiro de 2025 e número 49 publícase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo o anuncio da aprobación definitiva da ordenanza fiscal reguladora das taxas de acreditación catastral.

Habéndose detectado un erro ao non figurar o anexo das cotas tributarias no referido anuncio, en virtude do disposto no art. 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, que establece que as administracións publicas poderán rectificar de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos, procédese a subsanación deixando sen efecto dita publicación e publicándose novamente a aprobación definitiva da ordenanza fiscal reguladora das taxas de acreditación catastral.

Ao non haberse presentado reclamacións durante o prazo de exposición ao público, mediante anuncio no BOP de Lugo nº 004, de data 7 de xaneiro de 2025 e no taboleiro de anuncios da sede electrónica, elévase a definitivo o acordo plenario provisional de aprobación da Ordenanza Fiscal Reguladora das taxas de acreditación catastral do Concello de Quiroga, adoptado en sesión ordinaria o día 20 de decembro de 2024, cuxo texto faise público en cumprimento do artigo 17.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, aos efectos da súa entrada en vigor.

#### **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS DE ACREDITACIÓN CATASTRAL.**

##### **ARTIGO 1.-FUNDAMENTO E NATUREZA**

O Concello, conforme co autorizado no artigo 106 da Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime local, e de acordo co previsto no artigo 20 do Texto Refundido da Lei reguladoras das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo (TRLRFL), establece a taxa pola expedición de documentos administrativos relativos á acreditación catastral, que se regulará pola esta Ordenanza redactada conforme co disposto no artigo 16 do TRLRFL.

##### **ARTIGO 2.-FEITO IMPOÑIBLE**

1.Constitúe o feito imponible da taxa a actividade administrativa desenvolta con motivo da tramitación a instancia de parte de toda clase de documentos relacionados coa información catastral.

##### **ARTIGO 3.-SUXEITO PASIVO**

Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas e xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 33 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, que soliciten, provoquen ou nas que redunda a tramitación do documento ou expediente do que se trate.

##### **ARTIGO 4.-RESPONSABLES**

1.Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.

2.Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades, e entidades en xeral tal e como sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

##### **ARTIGO 5.-BONIFICACIÓNS DA COTA**

Non se concederá bonificación ningunha dos importes das cotas tributarias sinaladas na tarifa desta taxa.

**ARTIGO 6.-COTA TRIBUTARIA**

1. A cota tributaria determinarase por unha cantidade estipulada segundo a natureza dos documentos ou expedientes a tramitar conforme coa tarifa que contén o artigo seguinte.
2. A cota de Tarifa corresponde á tramitación completa, en cada instancia, do documento ou expediente do que se trate, desde o seu inicio ata a súa resolución final, inclusive a certificación e notificación do acordo recaído.
3. As cotas que resultan da aplicación das anteriores tarifas incrementaranse un 50 por cento cando os interesados soliciten con carácter de urxencia a tramitación dos expedientes que motivasen a percepción.

**ARTIGO 7.-TARIFAS**

A tarifa a que se refire o artigo anterior estrutúrase en función dos produtos que se obteñan segundo os epígrafes que se recollen no Anexo desta ordenanza fiscal.

**ARTIGO 8.-PERCEPCIÓN**

1. Percíbese a taxa e xorde a obriga a contribuír cando se presente a solicitude que indica a tramitación dos documentos e expedientes suxeitos ó tributo.

Os suxeitos pasivos ingresarán o importe desta taxa no momento da solicitude do servizo no Rexistro Xeral. Servirá de xustificante de ingreso a estampación mecánica no escrito de solicitude ou impreso de autoliquidación da taxa.

**ARTIGO 9.-INFRACCIÓNS E SANCIÓN**

Todo o que se refire á clasificación de infraccións tributarias, así como tamén ás sancións que ás mesmas corresponden en cada caso, aterase ó disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

**DISPOSICIÓN FINAL**

Esta Ordenanza Fiscal aprobada polo Pleno do Concello na sesión celebrada o día 20 de decembro de 2024, entrará en vigor unha vez sexa publicado o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia, comezando a aplicarse a partir da súa entrada en vigor.

**Anexo. Cotas tributarias**

Definición do produto	Formato	Taxa
<b>Laboratorio fotogramétrico</b>		
Ortofotos en soporte dixital	Copia en soporte dixital	45,28 euros/unidade
Fotografía aérea en positivo	en positivo por contacto	13,64 euros/unidade
<b>Cartografía convencional en soporte papel</b>		
Copia cartografía en DIN A3 ou DIN A4	en papel opaco DIN A3 / A4	9,11 euros/unidade
Copia cartografía en DIN A3 superior	en papel opaco superior a DIN A3	17,97 euros/unidade
Copia cartografía en papel reproducible	en papel reproducible	45,28 euros/unidade
<b>Información alfanumérica dixital</b>		
Información alfanumérica dixital urbana y rústica	Formatos establecidos pola Dirección Xeral	69,62 euros/municipio + 0,0006 euros/rexistro
Información catastral non estandarizada	Uso de procedementos non estandarizados	Custe do produto + 69,62 euros por hora de programación + 0,68 euros por 1000 rexistros procesados o fracción.
<b>Certificacións catastrais</b>		
Certificacións catastrais literais	Bens urbanos	4,52 euros/documento + 4,52 euros ben inmovible
Certificacións catastrais literais	Bens rústicos	4,52 euros/documento + 4,52 euros parcela

Certificacións catastrais descritivas e gráficas referidas unicamente a unha unidade urbana ou unha parcela rústica		17,97 euros/documento (*)
Certificacións catastrais con antigüidade superior a 5 anos		Prezo de la certificación segundo os puntos anteriores, máis 45,28 euros por cada documento expedido.
Certificacións negativas de bens		No devengan taxa

(\*) Cando as certificacións descritivas e gráficas incorporen, a petición do interesado, datos de outros inmobles (como, por exemplo, lindeiros), a contía incrementárase en 4,52 euros por cada inmovible.

Contra o presente acordo, conforme ao artigo 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, poderase interpor recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte ao da publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Quiroga, 28 de febreiro de 2025.- O alcalde, José Luis Rivera Castro.

R. 0560

## RÁBADE

### Anuncio

O Pleno da Corporación, en sesión ordinaria celebrada o 29 de xaneiro de 2025, aprobou inicialmente os Presupostos, Cadro de Persoal e as Bases de Execución para o exercicio 2025. Conforme ao artigo 169 do TRLFL someteuse o expediente a información pública por prazo de 15 días. Non producíndose alegacións durante o citado período resultan definitivamente aprobados os Presupostos, Cadro de persoal e Bases de Execución do exercicio 2025. En cumprimento do que dispón o apartado 3 do artigo 169 do TRLFL, faise público que dito presuposto ascende en gastos e ingresos a **2.476.500,00** euros. Correspondendo a cada capítulo as cantidades que a continuación se expresan según o seguinte detalle:

### ESTADO DE GASTOS

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
<b>OPERACIÓNS CORRENTES</b>		
1	Gastos de persoal	575.200,00 €
2	Gastos en bens correntes	1.452.048,00 €
3	Gastos financeiros	2.001,00 €
4	Transferencias correntes	62.500,00 €
<b>OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>		
6	Inversións reais	384.750,00 €
7	Transferencias de capital	0,00 €
8	Activos financeiros	0,00 €
9	Pasivos financeiros	1,00 €
<b>TOTAL</b>		<b>2.476.500,00 €</b>

**ESTADO DE INGRESOS**

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
<b>OPERACIONES CORRENTES</b>		
1	Impostos directos	620.000,00 €
2	Impostos indirectos	105.500,00 €
3	Taxas e outros ingresos	672.000,00 €
4	Transferencias correntes	882.000,00 €
5	Ingresos patrimoniais	1.000,00 €
<b>OPERACIONES DE CAPITAL</b>		
6	Enaxenación de inversións reais	0,00 €
7	Transferencias de capital	196.000,00 €
8	Activos financeiros	0,00 €
9	Pasivos financeiros	0,00 €
<b>TOTAL</b>		<b>2.476.500,00 €</b>

Na referida sesión, tamén se acordou aprobar o cadro de persoal desta Corporación que, de acordo co que preceptúa o artigo 127 do Real Decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, se reproduce a continuación:

**CADRO DE PERSOAL DESTA ENTIDADE PARA O EXERCICIO 2025****A/ FUNCIONARIOS DE CARREIRA:**

PRAZA/POSTO DE TRABAJO	Nº PRAZAS	GRUPO	C.D.	SITUACIÓN
Escala de Habilitación Estatal Subescala Secretaría-intervención Praza: Secretario-interventor	1	A1	28	Cuberta
Escala de Administración Xeral Subescala administrativa Praza: Administrativo	2	C1	22	1 Vacante (Interina)
Escala de Administración Especial Subescala técnica Praza: Arquitecto/a 50% xornada	1	A1	24	Vacante
Escala de Administración Especial Subescala técnica Praza: Traballador/a social	1	A2	24	Cuberta
Escala de Administración Especial Subescala técnica Praza: Técnico de cultura e deporte	1	A2	24	Cuberta
Escala de Administración Especial Subescala servizos especiais Praza: Vixiante Municipal	1	C2	18	Cuberta

**B/ PERSOAL LABORAL FIXO:**

POSTO DE TRABAJO	Nº PRAZAS	GRUPO	C.D.	SITUACIÓN
Técnico/a de desenvolvemento local	1	A1	24	Vacante (a funcionarizar)
Técnico/a de prevención de condutas adictivas	1	A1	24	Cuberta (a funcionarizar)
Encargado/a de obras e servizos	1	IV	18	Vacante (Interino)



Operario/a de servizos varios	1	V	12	Vacante
Auxiliar de axuda no fogar (Modalidade básica)	1	IV/V	13	Cuberta (a extinguir)

## RESUMO:

Número de funcionarios de carreira: 7

Número total de persoal laboral fixo: 5

Rábade, 28 de febreiro de 2025.- A Alcaldesa, Remedios González Cabarcos.

R. 0561

## SARRIA

*Anuncio*

Visto o escrito presentado neste Concello por D. José Francisco Real Castro, titular do DNI \*\*\*\*\*63\*, en representación da Asociación Provincial Empresarios Hostelería e Turismo de Lugo, o día 18 de febreiro de 2025, con rexistro de entrada número 2025-E-RC-986, a medio do cal solicita autorización para ampliar o horario de peche dos establecementos de hostalaría deste Concello en dúas horas máis do legalmente establecido, nas seguintes datas:

- **ENTROIDO:** Todas as noites desde a noite do 27 ao 28 de febreiro (xoves de entroido) ata a noite do 4 ao 5 de marzo (incluída).
- **SEMANA SANTA:** todas as noites desde a noite do 12 ao 13 de abril ata a noite do 19 ao 20 de abril (incluída).
- **FESTA DO TRABALLO:** todas as noites desde a noite do 30 de abril al 1 de maio ata a noite do 3 ao 4 de maio.
- **LETRAS GALEGAS:** Todas as noites desde o 16 ao 17 de maio ata a noite do 17 ao 18 de maio.
- **FESTIVIDADE SANTIAGO APÓSTOLO:** todas as noites desde a noite do 24 ao 25 de xullo ata a noite do 26 ao 27 de xullo.
- **FESTIVIDADE DA ASUNCIÓN:** todas as noites desde a noite do 14 ao 15 de agosto ata a noite do 16 ao 17 de agosto.
- **DÍA DA HISPANIDADE:** a noite do 10 ao 11 de outubro e a noite do 11 ao 12 de outubro.
- **TODOS OS SANTOS:** Todas as noites desde a noite do 31 de outubro ao 1 de novembro ata a noite do día 1 ao 2 de novembro (incluída).
- **PONTE DA CONSTITUCIÓN:** Todas as noites desde a noite do 5 ao 6 de decembro ata a noite do 7 ao 8 de decembro (incluída).
- **FESTAS DE NADAL:** todas as noites desde a noite do 22 ao 23 de decembro de 2025 ata a noite do 5 ao 6 de xaneiro de 2026 (incluída).
- **MESES DE VERÁN:** da noite do 20 ao 21 de xuño ata a noite do 20 ao 21 de setembro.

Vista a presente solicitude e, visto que están programadas a celebración das festas patronais de San Xoan dende o 20 ao 25 de xuño e a Noite Meiga o 30 de agosto, e considerando o carácter excepcional destas datas nas que durante as mesmas prodúcese un ambiente popular e festivo, o que repercute en beneficio do comercio local.

Visto o artigo 9 da ORDEN de 23 de outubro de 2020 pola que se determina o horario de apertura e peche dos establecementos abertos ó público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas:

“1. Ao abeiro do disposto no artigo 5.f) da Lei 10/2017, do 27 de decembro, os concellos poderán ampliara para todo o seu termo municipal, ou para zonas concretas deste, os horarios xerais de peche dos establecementos abertos ao público, así como de finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas, durante a celebración das festas e verbenas populares(...)

5. Os concellos tamén poderán ampliar o horario xeral de determinados espectáculos públicos musicais de características específicas ou excepcionais ata un máximo de dúas horas.”

En virtude do establecido no no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, o artigo 41 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de

---

Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, entre outros preceptos concordantes, e sen prexuízo do disposto na lexislación sectorial de aplicación; veño en resolver:

**Primeiro.-** A ampliación horaria de dúas horas sobre o horario límite de peche dos establecementos de hostalaría, dentro do ámbito de poboación deste municipio, nas festividadeas enumeradas anteriormente e con produción de efectos dende a data da presente resolución:

**Segundo.-** Dar traslado da presente á Asociación Provincial de Empresarios de Hostalaría e Turismo de Lugo, así como á Policía Local e ó Cuartel da Garda Civil de Sarria, para o seu coñecemento.

**Terceiro.-** Publicar a presente resolución no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, aos efectos do artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, así como no taboleiro de anuncios do Concello de Sarria (<https://sarria.sedelectronica.es>)

Sarria, 28 de febreiro de 2025.- O Alcalde, Claudio Melquíades Garrido Martínez.

R. 0562

---